

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos. Sección de Planificación de Recursos Humanos

Bases que rexerán os procedementos selectivos correspondentes á oferta de emprego público do ano 2016

ANUNCIO

BASES QUE REXERÁN OS PROCEDEMENTOS SELECTIVOS CORRESPONDENTES Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2016

A Xunta de Goberno, na sesión ordinaria celebrada o 6 de xullo de 2018, aprobou as seguintes:

I.-BASES XERAIS REGULADORAS DOS PROCESOS SELECTIVOS CORRESPONDENTES Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2016

BASES XERAIS

1.-OBXECTO E ASPECTOS XERAIS.

As presentes bases xerais teñen por obxecto regular os procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial da Coruña, para realizar a oferta de emprego público do ano 2016 (DOG n.º 227, do 28 de novembro de 2016).

Sen prexuízo da aplicación xeral das presentes bases, os requisitos específicos e o resto das normas particulares rexeranse polas bases específicas, reguladoras de cada unha das convocatorias.

O sistema selectivo é o concurso-oposición.

2.-LEXISLACIÓN APLICABLE.

As probas selectivas regularanse por estas bases e para o non previsto nelas, polo disposto na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación; Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa; Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local; Real Decreto 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia; Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, accesos e adquisición doutras especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e se regula o réxime transitorio a que se refire a disposición transitoria décimo sétima da citada lei; Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social; Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, e demais disposicións de aplicación xeral, así como o disposto nesta convocatoria.

3.-REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

Para participar nas probas selectivas, as persoas aspirantes deberán cumprir no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da toma de posesión como funcionarios os requisitos que se indican deseguido:

a) Ter nacionalidade española ou ter a nacionalidade doutro Estado membro da Unión Europea ou de calquera outro dos Estados aos cales, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores e traballadoras.

Tamén poderán participar as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.

Tamén poderán participar as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.

Así mesmo, poderán participar as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado/a de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.

b) Ter feitos os dezaseis anos e non ter alcanzado a idade establecida, con carácter xeral, para a xubilación forzosa.

c) Estar en posesión das titulacións que para cada praza se establecen nas bases específicas. No caso de que as ditas titulacións se obtivesen no estranxeiro, deberá terse concedida a correspondente credencial de homologación, segundo o Real decreto 967/2014, do 21 de novembro (BOE do 22 de novembro), e o Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español a Directiva 2005/36/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro, e a Directiva 2006/100/CE do Consello, do 20 de novembro, relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais, así como a determinados aspectos da profesión de avogado (BOE do 20 de novembro).

d) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das funcións correspondentes ao corpo e especialidade a que se opta.

e) Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

f) Non ter antecedentes no Rexistro Central de Delincuentes Sexuais.

4.-PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

4.1.–As solicitudes dirixíranse ao Presidente da Deputación Provincial da Coruña e presentáranse no Rexistro Xeral, durante o prazo de vinte días naturais, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOE, no modelo oficial que se facilitará nas oficinas da Deputación (Servizo de Planificación e Xestión de RRHH e no Rexistro Xeral). O modelo figura tamén na web da Deputación www.dacoruna.gal/recursos-humanos/documentos.

Poderán remitirse tamén na forma que determina o art.16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4.2.–De acordo co disposto na Ordenanza do Uso da Lingua Galega na Deputación da Coruña, (BOP n.º 186 de 29 de setembro de 2017), os/as aspirantes que desexen o texto das probas en lingua castelán deberán facelo constar na casilla habilitada na instancia.

4.3.–As persoas con discapacidade deberán facelo constar na solicitude, indicando se precisan adaptacións para realizar as probas.

4.4.–Os/as aspirantes que teñan a condición legal de discapacitados, con grao igual ou superior ao 33 por cento, terán que presentar certificación dos órganos competentes que acrediten tal condición e acredite a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

4.5.–A instancia acompañarase de:

a) Fotocopia do DNI ou documento de identificación de estranxeiro/a.

b) Documento acreditativo do ingreso dos dereitos de exame no que figurarán o nome, apelidos, DNI e praza á que concorre a persoa interesada. O devandito ingreso realizarase, previa retirada da carta de pago nos servizos tributarios da Deputación da Coruña.

Os dereitos de exame serán os seguintes:

– Para o acceso como funcionario/a de carreira ao grupo de titulación A, Subgrupo A1: 32,10 €.

– Para o acceso como funcionario/a de carreira, ao grupo de titulación A, Subgrupo A2: 24,05 €.

c) Estarán exentos de pago de dereitos de exame as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.

d) Para a avaliación da fase de concurso, os/as aspirantes achegaran os documentos que estimen oportunos en fotocopia simple, e unha vez superado o proceso terán que presentar os orixinais no Servizo de Planificación e Xestión de recursos Humanos. O tribunal terá en conta a coherencia da documentación presentada cos méritos que se han valorar e non tomarán en conta nin valorarán aqueles que non queden debidamente acreditados, en todos os seus puntos, no momento de peche do prazo de presentación de solicitudes, excepto no caso de servizos prestados nesta Deputación que serán certificados polo Secretario Xeral, sempre que fosen alegados e cuantificados polos/as aspirantes nas solicitudes.

4.6.–Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Presidencia aprobará no prazo máximo dun mes a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas que se publicaran no BOP e no taboleiro de anuncios da Deputación, establecéndose un prazo de dez días hábiles a efectos de reclamacións e corrección de deficiencias, conforme ao art. 68 da Lei 39/2015.

Posteriormente a Presidencia da Corporación declarará aprobada a listaxe definitiva de admitidos e excluídos publicándose no BOP, xunto coa composición do Tribunal, lugar, data e hora de comezo do exercicio.

A data de publicación, iniciará o cómputo do prazo para os efectos de posibles impugnacións ou recursos.

5.-TRIBUNAIS CUALIFICADORES.

5.1.–Os tribunais cualificadores de acordo co disposto no Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, estarán compostos polos seguintes membros:

- a) un presidente/a, que será un funcionario/a designado polo Presidente da Corporación.
- b) tres vogais funcionarios/as designados polo Presidente da Corporación.
- c) Un secretario, que será o da Corporación ou funcionario/a en quen delegue.

A súa composición deberá axustarse a os principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e tenderase á paridade entre muller e home.

Os/as vogais deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior ás esixidas para o acceso ás prazas convocadas.

O persoal de elección ou de designación política, os/as funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

A pertenza a órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

5.2.–Non poderán formar parte do tribunal os funcionarios/as que realizasen tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria e tamén nos que concorran as circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O/a presidente poderá esixir aos membros dos tribunais declaración expresa de non atoparse incurso nas circunstancias do citado art.23 da Lei 40/2015 e os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando conorra algunha das devanditas circunstancias.

5.3.–O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a asistencia de como mínimo tres dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente.

O tribunal resolverá todas as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas así como o que deba facerse nos casos non previstos.

O tribunal poderá dispor a incorporación de asesores/as ou especialistas para as probas nas que así o estime. Os devanditos asesores, colaborarán exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas.

5.4.–Os tribunais que actúen nestas probas selectivas, terán a categoría e o dereito de percibir as contías correspondentes, de conformidade ao establecido no R.D. 462/2002, do 24 de maio, e lexislación complementaria, de indemnizacións por razón do servizo.

6.-COMEZO E DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS E ORDE DE ACTUACION DAS PERSOAS ASPIRANTES.

Quince días antes, como mínimo, do comezo dos exercicios, anunciarase no BOP e taboleiro de anuncios da Deputación o día, a hora e o lugar onde se realizarán as probas. Os anuncios sucesivos publicaranse no taboleiro de anuncios da Deputación e nos locais onde se realizaron as probas anteriores.

Desde a total conclusión dun exercicio ou proba, ata o comezo do seguinte, deberá transcorrer un prazo mínimo de 72 horas a non ser que todos os que teñan que realizar a respectiva proba, acepten expresamente a redución deste prazo.

Ata a iniciación do exercicio seguinte non poderán transcorrer mais de 45 días naturais.

Os/as aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, excepto nos casos debidamente xustificadas e libremente apreciados polo tribunal.

A orde de actuación dos/as aspirantes, nos exercicios que non se poidan realizar conxuntamente iniciásense alfabeticamente por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola O de conformidade coa resolución da Consellería de Facenda do 22 de xaneiro de 2016 (DOG n.º 29, do 12 de febreiro de 2016).

7.-CUALIFICACIÓN DOS EXERCICIOS.

7.1.–De conformidade co disposto na Ordenanza de uso da lingua galega na Deputación da Coruña (BOP n.º 186, do 29 de setembro de 2017), os cuestionarios das probas selectivas faranse en lingua galega e distribuiranse así por defecto entre todas as persoas candidatas. Terase a disposición de quen o solicite con antelación, copia dos cuestionarios das probas na outra lingua oficial. As probas poderán ser realizadas en calquera lingua oficial independentemente da lingua empregada no cuestionario.

7.2.–Os sistemas de cualificación recolleranse nas bases específicas de cada convocatoria.

7.3.–Os tribunais corrixirán os exercicios garantindo o anonimato dos/as candidatos/as, salvo nas exposicións orais das unidades didácticas e os exercicios prácticos.

7.4.–As cualificacións das persoas aspirantes aprobadas en cada exercicio, expóranse no taboleiro de anuncios da Deputación.

7.5.–A relación definitiva de aprobados/as, que non poderá superar o número de prazas a cubrir, confeccionarase coas persoas opositoras que superando todos os exercicios obrigatorios, obteñan maior puntuación na suma das cualificacións de todos os exercicios e a fase de concurso.

8.-PUBLICACIÓN DOS RESULTADOS FINAIS E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

8.1.–Finalizadas as probas, o tribunal publicará no taboleiro de anuncios e nos lugares onde se realizou a última proba, a relación de persoas aprobadas por orde de puntuación final, especificando a cualificación final, elevando a dita relación á Presidencia da Deputación que efectuará o nomeamento.

Non obstante o anterior, cando se produzan renuncias dos/das aspirantes seleccionados antes da súa toma de posesión, o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección, relación complementaria do/as aspirantes que, tendo superados todos os exercicios, sigan aos propostos, para o posible nomeamento como funcionarios de carreira.

8.2.–No prazo de vinte días naturais, a contar dende o seguinte a aquel en que se fixeron públicas as listas, os/as opositores aprobados deberán presentar no rexistro xeral de Entidade os seguintes documentos:

a) Título ou testemuño notarial do mesmo esixido para tomar parte nas probas selectivas para cubrir as correspondentes prazas.

b) Declaración de non estar separado/a mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha administración pública, nin acharse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

c) Declaración de non acharse incurso/a en causa algunha de incapacidade ou incompatibilidade de conformidade coas lexislación vixente e referida ao momento da súa toma de posesión.

d) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico e/ou psíquico que incapacite para o exercicio das funcións das prazas convocadas, expedido polo/a facultativo/a de medicina do Sergas ou similar que corresponda aos interesados.

e) Certificado negativo de delitos de natureza sexual.

f) Documentos orixinais dos presentados para a avaliación na fase de concurso.

Os/as aspirantes aprobados que fixesen valer a súa condición de persoal con discapacidade na instancia, deberán presentar tamén a certificación á que se fai referencia na base 1.3.2 que acredite tal condición e igualmente presentar certificado, expedido polo mesmo órgano ou polo competente da administración sanitaria, acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes, no prazo sinalado na base anterior.

8.3.–Ante a imposibilidade debidamente xustificada de presentar os documentos indicados, poderá acreditarse que se reúnen as condicións esixidas na convocatoria, mediante calquera medio de proba admisible en dereito.

8.4.–Os que tivesen a condición de funcionarios/as de carreira estarán exentos de xustificar as condicións e requisitos xa probados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar certificación da administración pública da que dependesen para acreditar tal condición.

8.5.–No caso de ser nacionais de estados membros da Unión Europea, presentarán ademais a documentación correspondente.

Esta publicación determinará o inicio do cómputo do prazo para a interposición de reclamacións ou recursos que procedan.

9.-NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN DO PERSOAL FUNCIONARIO.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, os/as aspirantes propostos/as non presentasen a documentación ou non reunisen os requisitos esixidos, non poderán ser nomeados/as ou propostos/as para as prazas, quedando

anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades nas que puidesen incorrer por falsidade na solicitude para participar no proceso selectivo.

Cumpridos os requisitos procedentes, o Presidente da Corporación efectuará o nomeamento dos/das aspirantes propostos/as, que deberán tomar posesión no prazo dun mes, que contará dende o seguinte ao da publicación da resolución de nomeamento no BOP

10.-NORMA FINAL.

A presente convocatoria e os actos administrativos derivados dela, poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos e na forma establecidos na Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

II.-BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO SELECTIVO DE INGRESO AO CORPO DE PROFESOR/A DE MUSICA-PIANISTA, DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA

FUNCIONARIO DE CARREIRA

CÓDIGO	GRUPO/ SUBGRUPO	CLASIFICACIÓN	PAZAS	DENOMINACIÓN	ADSCRICIÓN
1.1.72.1	A1/A2	Escala de administración especial. Subescala técnica.	2	Profesor/a de música-pianista	Conservatorio Profesional de Danza.
1.1.72.2	A1/A2	Clase de técnicos superiores			

1.-REQUISITOS DOS CANDIDATOS/AS.

A) Estar en posesión do título de profesor/a superior de piano, títulos de grao correspondente ou títulos equivalentes.

2.-SISTEMAS DE SELECCIÓN.

O sistema de selección para esta praza é o concurso-oposición.

2.1.-FASE DE CONCURSO.

Os méritos da fase de concurso estarán orientados a avaliar a carreira profesional das persoas candidatas e as súas capacidades e aptitudes para cumprir coas funcións propias do corpo e escala de destino.

A cualificación da fase de concurso, aplicarase unicamente aos candidatos/as que superasen a fase da oposición. O tribunal avaliará os méritos que concorran en cada un dos/das aspirantes, referidos á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Para estes efectos, os/as aspirantes deberán xuntar á instancia cantos documentos estimen oportunos. A documentación presentarse en copia simple, debendo presentar os orixinais, antes do nomeamento.

Valorarase ata un máximo de 12 puntos, segundo o seguinte baremo:

A) Servizos prestados.

Valorarase ata un máximo de 10 puntos:

- 1 punto por cada ano ou fracción superior a 6 meses, de experiencia docente na mesma especialidade do mesmo corpo a que opta o/a aspirante en centros públicos.
- 0,50 puntos por cada ano ou fracción superior a 6 meses, de experiencia docente en distintas especialidades do mesmo corpo a que opta o/a aspirante en centros públicos.
- 0,25 puntos por cada ano ou fracción superior a 6 meses, de experiencia docente na mesma ou outra especialidade en diferente nivel ou etapa educativa ca o impartido no corpo a que opta o/a aspirante en centros públicos.

B) Formación.

Incluiranse aqueles cursos outorgados pola administración pública ou homologados que capaciten ao candidato/a para o desenvolvemento das funcións propias do posto docente, e o coñecemento da lingua galega ata un máximo de 2 puntos, segundo o seguinte baremo:

- Cursos de formación:

Máis de 100 horas	0,75 puntos
De máis de 70 a 100 horas	0,50 puntos
De máis de 40 a 70 horas	0,35 puntos
De 15 a 40 horas	0,20 puntos
Menos de 15 horas ou non figuran	0,10 puntos

Non se puntuarán as xornadas, congresos ou similares.

– **Coñecemento da lingua galega:**

Título de linguaxe administrativa superior	0,35 puntos
Título de linguaxe administrativa media	0,30 puntos
Celga 5	0,25 puntos

En caso de estar en posesión de distintas titulacións, valorarase unicamente o nivel máis alto de formación.

A publicación da puntuación obtida na fase de concurso realizarase con anterioridade á celebración do primeiro exercicio da fase de oposición.

En ningún caso a puntuación obtida na fase de concurso poderá aplicarse para superar os exercicios da fase de oposición.

2.2.-FASE DE OPOSICIÓN.

Constará de dous exercicios e a cualificación desta fase será a suma das puntuacións obtidas nos dous exercicios sempre e cando ambos os dous se superen

A) Primeiro exercicio.–Obrigatorio e eliminatorio, constará de dúas partes.

Valorarase globalmente de 0 a 20 puntos e o/a aspirante deberá conseguir un mínimo de 10 puntos para superalo.

1.ª parte:

Valorarase de 0 a 10 puntos.

O exame entregarase en galego agás que o/a opositor/a faga constar na instancia, no cadro correspondente, que se lle facilite en castelán

Consistirá en resolver no tempo máximo dunha hora, un cuestionario tipo test con 40 preguntas e tres respostas alternativas cada unha, sendo só unha delas correcta, e 5 preguntas de reserva, que soamente se corruxirán se se anula algunha pregunta, sobre as materias do programa que figura no anexo (parte xeral), elaborado polo tribunal inmediatamente antes do comezo da proba.

Cada pregunta correcta puntuará 0,25 puntos, cada pregunta incorrecta descontará 0,125 puntos e cada pregunta en branco descontará 0,05 puntos.

2.ª parte:

Valorarase de 0 a 10 puntos.

A puntuación obtida polos/as aspirantes será a media aritmética das cualificacións outorgadas por cada membro do tribunal.

Consistirá no desenvolvemento por escrito nun tempo máximo de 2 horas, dun tema elixido polo aspirante de entre 4 temas elixidos polo tribunal dentro dos 72 temas da parte específica do programa que figura no anexo.

B) Segundo exercicio.–Obrigatorio e eliminatorio.

A proba específica de aptitude permitirá comprobar e avaliar a competencia profesional dos aspirantes sobre o coñecemento da especialidade de Piano acompañante de danza.

Valorarase globalmente de 0 a 15 puntos e o/a aspirante deberá conseguir un mínimo de 7,5 puntos para superalo.

A puntuación obtida polos/as aspirantes será a media aritmética das cualificacións outorgadas por cada membro do tribunal.

Consistirá no acompañamento dunha clase de danza clásica establecida polo tribunal e impartida por un mestre de danza. A duración da proba non poderá ser inferior a 30 minutos nin superior a 60 minutos.

C) Proba de acreditación de coñecemento da lingua galega.

De carácter obrigatorio para todos os/as aspirantes, excepto aqueles que teñan acreditado o curso de perfeccionamento ou CELGA 4 de galego, os/as cales estarán exentos de realizar o exercicio,

Consistirá na tradución nun tempo máximo dunha hora dun texto de castelán a galego e outro de galego a castelán a proposta do tribunal. Este exercicio será cualificado como apto ou non apto.

Para os efectos de ser eximidos da realización deste exercicio, os/as aspirantes deberán de acompañar os documentos relativos á realización do curso de galego ou equivalente.

3.-CUALIFICACIÓN DEFINITIVA.

Será a suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e oposición.

En caso de empate resolverase atendendo os seguintes criterios.

- a) Maior puntuación na fase de oposición.
- b) Maior puntuación en cada un dos exercicios, pola orde na que estes aparecen na convocatoria.
- c) Maior puntuación na fase de concurso.
- d) Maior puntuación nas epígrafes do baremo de méritos pola orde na que aparecen na convocatoria.
- e) En caso de que persista o empate, dirimirase a través da realización dunha proba por escrito sobre cuestións breves referentes ao temario da especialidade.

De ser o caso, o persoal aspirante será convocado para esta proba polo tribunal cunha antelación mínima de 48 horas.

ANEXO**PROGRAMA PARA PROFESOR/A DE MÚSICA-PIANISTA****PARTE XERAL**

TEMA 1.–A Constitución Española de 1978: estrutura. Especial referencia aos dereitos fundamentais e liberdades públicas.

TEMA 2.–O Estatuto de Autonomía de Galicia. Estrutura e contido. Especial referencia ao goberno da comunidade autónoma.

TEMA 3.–Organización territorial do Estado na Constitución: ideas xerais da administración central, autonómica e local.

TEMA 4.–Réxime local español: clases de entidades locais.

TEMA 5.–O municipio. Elementos, territorio e poboación. Organización municipal. Competencia dos municipios. A provincia. Organización provincial. Competencia das provincias.

TEMA 6.–Outras entidades locais. Mancomunidades. Comarcas e outras entidades que agrupen varios municipios. As áreas metropolitanas. As entidades de ámbito inferior ao municipio

TEMA 7.–Réxime de sesións e acordos dos órganos colexiados locais.

TEMA 8.–A potestade regulamentaria das entidades locais: ordenanzas, regulamentos e bandos.

TEMA 9.–Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Da actividade das administracións públicas: normas xerais de actuación; termos e prazos.

TEMA 10.–Lei 39/2015. Dos actos administrativos: requisitos dos actos administrativos, eficacia dos actos, nulidade e anulabilidade.

TEMA 11.–Lei 39/2015. Das disposicións sobre o procedemento administrativo común: garantías do procedemento; iniciación do procedemento; ordenación do procedemento; instrución do procedemento; finalización do procedemento.

TEMA 12.–Lei 39/2015. Da revisión dos actos na vía administrativa: revisión de oficio; recursos administrativos.

TEMA 13.–Decreto 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. Integración transversal do principio de igualdade nas actuacións da Administración.

TEMA 14.–Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal: Principios de protección. Lei 3/1983, de normalización lingüística de Galicia e Ordenanza do uso da lingua galega na Deputación da Coruña (BOP 186, do 29/09/2017). Uso oficial do galego.

TEMA 15.–Real decreto 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto básico do empregado público: persoal ao servizo das administracións públicas. Dereitos e deberes. Código de conduta dos empregados públicos.

TEMA 16.–Real decreto 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto básico do empregado público. Adquisición e perda da relación de servizo.

TEMA 17.–O orzamento das entidades locais: elaboración, aprobación e execución.

TEMA 18.–As facendas locais: recursos das facendas locais. Impostos, taxas e contribucións especiais.

PARTE ESPECÍFICA:

TEMA 1.–Que é o acompañamento para danza Clásica-Ballet?

TEMA 2.–Estrutura dunha clase de danza Clásica-Ballet (fundamentación muscular e orde dos exercicios).

TEMA 3.–Preparacións.

TEMA 4.–Finais.

TEMA 5.–Elementos musicais esenciais para acompañar danza: ritmo.

TEMA 6.–Elementos musicais esenciais para acompañar danza: melodía.

TEMA 7.–Elementos musicais esenciais para acompañar danza: tempo.

- TEMA 8.–Elementos musicais esenciais para acompañar danza: tonalidade.
- TEMA 9.–Elementos musicais esenciais para acompañar danza: fraseo.
- TEMA 10.–Elementos musicais esenciais para acompañar danza: dinámica.
- TEMA 11.–Exercicios na barra (Quentamento)
- TEMA 12.–Exercicios na barra (Plié)
- TEMA 13.–Exercicios na barra (Battement tendu)
- TEMA 14.–Exercicios na barra (Battement jetté)
- TEMA 15.–Exercicios na barra (Rond de jambe)
- TEMA 16.–Exercicios na barra (Battement Fondu)
- TEMA 17.–Exercicios na barra (Battement Cloche)
- TEMA 18.–Exercicios na barra (Battement Frappé)
- TEMA 19.–Exercicios na barra (Petit Battement)
- TEMA 20.–Exercicios na barra (Rond de jambé au l´air)
- TEMA 21.–Exercicios na barra (Adagio para developpé)
- TEMA 22.–Exercicios na barra (Grand Battement)
- TEMA 23.–Exercicios na barra (Adagio para pe na barra)
- TEMA 24.–Exercicios no centro (Tendu)
- TEMA 25.–Exercicios no centro (Adagio)
- TEMA 26.–Exercicios no centro (Vals-Balance)
- TEMA 27.–Exercicios no centro (Piruetas)
- TEMA 28.–Exercicios no centro (Xiros en diagonal)
- TEMA 29.–Exercicios no centro (Pequenos saltos)
- TEMA 30.–Exercicios no centro (Saltos medianos)
- TEMA 31.–Exercicios no centro (Saltos en batería)
- TEMA 32.–Exercicios no centro (Grandes saltos)
- TEMA 33.–Exercicios no centro (Coda)
- TEMA 34.–Exercicios no centro (Port de bra e/ou reverencia)
- TEMA 35.–Exercicios no centro (Tour en l´air)
- TEMA 36.–Clase de Puntas
- TEMA 37.–Clase de carácter
- TEMA 38.–Clase de varóns/chicos
- TEMA 39.–Historia da música para a danza “Primeiro romanticismo” Adam e “Giselle”
- TEMA 40.–Historia da música para a danza “Primeiro romanticismo” Adam e “O corsario”
- TEMA 41.–Historia da música para a danza “Primeiro romanticismo” Minkus e “A Bayadere”
- TEMA 42.–Historia da música para a danza “Primeiro romanticismo” Minkus e “Don Quixote”
- TEMA 43.–Historia da música para a danza “Primeiro romanticismo” Minkus e “Paquita”
- TEMA 44.–Historia da música para a danza “segundo romanticismo Delibes e Coppelia”
- TEMA 45.–Historia da música para a danza, “segundo romanticismo Delibes e Sylvia”
- TEMA 46.–Historia da música para a danza “segundo romanticismo Glazunov e Raimonda
- TEMA 47.–Historia da música para a danza Tchaikovski e “O lago dos cisnes”
- TEMA 48.–Historia da música para a danza Tchaikovski e “O crebanoces”
- TEMA 49.–Historia da música para a danza Tchaikovski e “A bela durminte”
- TEMA 50.–Historia da música para a danza Prokofiev e “Cincenta”

TEMA 51.–Historia da música para a danza Prokofiev e “Romeo e Xulieta”

TEMA 52.–Historia da música para a danza Prokofiev e “A flor de pedra”

TEMA 53.–Clase de repertorio

TEMA 54.–Clase de paso a dous

TEMA 55.–Xéneros musicais (Vals e tipoloxías)

TEMA 56.–Xéneros musicais (Mazurca)

TEMA 57.–Xéneros musicais (Polonesa)

TEMA 58.–Xéneros musicais (Tango)

TEMA 59.–Xéneros musicais (Habanera)

TEMA 60.–. Xéneros musicais (Chotis)

TEMA 61.–Xéneros musicais (Ragtime)

TEMA 62.–Xéneros musicais (Polka)

TEMA 63.–Xéneros musicais (Tarantela)

TEMA 64.–Xéneros musicais (Galop can can)

TEMA 65.–Xéneros musicais (Czardas)

TEMA 66.–Xéneros musicais (Marcha)

TEMA 67.–Xéneros musicais (Minuet)

TEMA 68.–Xéneros musicais (Gavotta)

TEMA 69.–A improvisación na clase de danza. Recursos musicais

TEMA 70.–Arranxo e adaptación de partituras

TEMA 71.–Acompañamento pianístico na danza contemporánea

TEMA 72.–Terminoloxía específica de música e danza: posibles confusións

A Coruña, 6 de xullo de 2018.

O deputado

O secretario

PDFR 21179/2015 do 01/10/2015

Antonio Leira Piñeiro

José Luis Almu Supervía

2018/5175